

lograla execución das obras ordenadas (artigo 199.4 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 2/2010, do 25 de marzo).

TERCEIRO.- Ordenar ó Servizo da Policía Local a correspondente visita de inspección, unha vez transcorrido o prazo concedido para a execución do ordenado, previa comunicación do Servizo de Urbanismo.

CUARTO.- Notifíquese a presente resolución ás partes interesadas coa indicación de que esta pon fin á vía administrativa, no caso en que non se formularan alegacións durante o trámite de audiencia, e que contra ela pode interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ante a Alcaldía e no prazo de **un mes**, contado dende o día seguinte a aquel no que remata o prazo concedido para o trámite de audiencia.
- Recurso contencioso-administrativo nun prazo de **dous meses**, contados a partir do día seguinte ó remate do prazo concedido para o trámite de audiencia, a cal pon fin á vía administrativa (artigo 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), ante o Xulgado do contencioso-administrativo de Lugo (artigo 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo).

Cúmprase.”

Para que conste y le sirva de a los citados interesados en cumplimiento de lo dispuesto en el artículo 59.5 de la citada Lei 30/1992, do 26 de novembro, expido y firmo este anuncio.

Lugo, 23 xullo de 2014.- O Alcalde, P.D. O Tenente de Alcalde Delegado da Área de Urbanismo e Medio Ambiente, (Decreto Alcaldía número 13008372/2013), Luis Manuel Álvarez Martínez

R. 2991

Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 30 de xullo de 2014, aprobou a forma de adxudicación mediante procedemento aberto para **CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE ALUMEADO EN DIVERSAS RÚAS DA CIDADE DURANTE O SAN FROILÁN 2014**

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

- a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.
- b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación e Patrimonio

2.- Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto:

subministración (aluguer) e instalación de alumeado ornamental en diversas rúas da cidade de Lugo durante o San Froilán 2014 segundo o disposto no prego de condicións técnicas de alumeados festivos elaborado polo Servizo Electromecánico e Industrial, así como no informe da sección de cultura, relativo ás localizacións das rúas e características mínimas do contrato

b) Prazo de execución:

O contrato terá unha duración do 4 ata o 12 de outubro de 2014.

A instalación das infraestructuras deberá realizarse con suficiente antelación para que poda estar en servizo o día 4 de outubro. A posta en servizo deberá estar en funcionamento do día 4 ó día 12 de outubro de 2014.

Antes da día da data fixada para o posto en funcionamento realizaranse as probas de funcionamento xeral.

O contrato poderá prorrogarse por acordo previo adoptado polo órgano de contratación cunha antelación mínima de dous meses ás Festas de San Froilan do 2015 e nas datas concretas que se indiquen polo responsable do contrato.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

- a) **Tramitación:** ordinaria
- b) **Procedimiento:** aberto

4.- Tipo de licitación.

O prezo de licitación para a primeira anualidade é de 22.915,25 euros mais o 21% de IVE (4.812,20 euros) poio que o presuposto do contrato é de 27.727,45 € (VINTE E SETE MIL SETECENTOS VINTESETE EUROS CON CORENTA E CINCO CÉNTIMOS), IVE incluído. Sobre este prezo de licitación realizarán os licitadores a súa oferta á baixa.

O valor estimado do contrato tendo en conta o prezo de licitación excluído o IVE así como a posible prórroga ascende a 45.830,50 euros

5.- Garantías:

- a) **Definitiva:** 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE,

6.- Obtención de documentación e información.

- a) **Entidade:** Concello de Lugo, Servicio de Contratación e Patrimonio
b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197.
c) **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002
d) **Teléfonos:** (982) 29-71-45, 29-73-27
e) **Telefax:** (982) 29-72-59.
f) **Dirección internet:** www.lugo.es (Zona de servicios: pertil do contratante)
g) **Data límite de obtención de documentos e información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

7.- Requisitos específicos do contratista.

- a) **Outros requisitos:** Os sinalados nos pregos de condicións

8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

- a) **Data límite de presentación:** 15 días naturais contados a partires da data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día coincidise en sábado ou festivo, prorrogarase ata o seguinte día hábil.
b) **Documentación que hai que presentar:** A que figura na cláusula décima do prego de cláusulas administrativas particulares.
c) **Lugar de presentación:**
1ª **Entidade:** Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares establecidos nos pregos
2ª **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197
3ª **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002
d) **Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a mante-la súa oferta (concurso):** 2 meses.

9.- Apertura das ofertas.

- a) **Entidade:** Centro de Servicios Municipales
b) **Domicilio:** Ronda Muralla 197- 3ª planta
c) **Localidade:** Lugo
d) **Data:** ó segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

10.- Outras informacións: As que se recollen no prego de condicións.

11.- Gastos dos anuncios: 174,46 euros que serán por conta do contratista adxudicatario.

Lugo, 30 de xullo de 2014.- O ALCALDE, P.D. TENENTA-ALCALDE DA AREA (Decreto nº 13004761), Sonia Mendez Garcia

R. 3033

PALAS DE REI

Anuncio

Aprobada inicialmente polo Pleno do Concello de Palas de Rei, en sesión ordinaria celebrada o 10 de xullo de 2014 a "Ordenanza reguladora do procedemento das comunicación previas para obras menores e actividades" deste Concello, de conformidade co disposto no apartado b) do art. 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, exponse ó público na Secretaría-Intervención Municipal durante o prazo de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ó da inserción do presente Edicto no Boletín Oficial da Provincia, dentro dos cales os interesados poderán examinar a citada Ordenanza e presentar as reclamacións e suxerencias que estimen oportunas.

Rematado o período de exposición pública a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda resolvendo as reclamacións que se presentasen, e aprobando a redacción definitiva da Ordenanza a que se refire o acordo provisional. No caso de que non se presentasen reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional sen necesidade de novo acordo plenario.

Palas de Rei, 21 de xullo de 2014.- O Alcalde , Pablo Taboada Camoira

R. 2997
